

AYMERICH PÍDELLE A FEIJÓO QUE RECTIFIQUE PARA PODER CHEGAR A PUNTOS DE ENCONTRO EN DEFENSA DOS INTERESES DA MAIORÍA SOCIAL

O portavoz do g.p do BNG advirte de que a situación do País é peor que a de Marzo de 2009, polo que cómpre actuar e non "fuxir cara adiante"

Santiago de Compostela, 16 Marzo 2010.- O portavoz do g.p do BNG, Carlos Aymerich, emprazou hoxe a Núñez Feijóo a que cumpra o que deixou pendente no canto de fuxir cara adiante facendo novas promesas e convidouno a "rectificar" para poder chegar así a puntos de encontro e posicións comúns perante asuntos de País, "porque iso é o que agarda de nós a imensa maioría do noso pobo".

Aymerich, que abriu a sesión da tarde do Debate do Estado da Nación, afirmou que neste repaso do primeiro ano de goberno a conclusión non pode ser positiva, nin á vista das promesas coas que "vostede construiu a súa axustada maioría", nin á vista da situación do País, "pior da que tiñamos en Marzo de 2009".

Neste sentido, o portavoz nacionalista reprochou que lonxe de atallar a crise, con este goberno hoxe hai 30.000 parados máis; lonxe de mellorar os servizos públicos, este goberno é responsábel do seu deterioro; lonxe de unir, teimou en dividir o País atacando a lingua e a interlocución co goberno español dista de ter mellorado, como revela o fracaso do financiamento autonómico e o impasse no que se atopa a negociación das Caixas.

Para o parlamentar, polo de agora este goberno só se dedicou exclusivamente a destruír e eliminar as conquistas do anterior, cunhas atitudes, ademais, que lembran "perigosamente" aos anos "mais escuros do fraguismo" mais cunha diferenza chamativa entre este goberno e os anteriores, pois a "manifesta incapacidade, as contradicións internas e a frivolidade coa que Feijóo despacha os asuntos que preocupan aos galegos non ten parangón na historia da autonomía", dixo.

A este respecto, explicou que alguén que está máis preocupado polo que opinan en Madrid que polas necesidades de Galiza é lóxico que non poida convencer aos seus interlocutores de que vai defender “firme” e insubornablemente” os intereses do País e a proba máis evidente, asegurou, é o resultado das súas relacións co Estado durante este ano, que non foron precisamente fructíferas, dixo, pois se fracasou no financiamento autonómico, na negociación de novas infraestructuras e se está a fracasar na negociación na Lei de Caixas.

Sobre as Caixas, esixiulle “máis firmeza”, pasar das declaracións aos feitos, abandonar as negociacións, presentar o recurso contra o FROB e aplicar a lei, é dicir, apostar pola construción dunha nova caixa para toda Galiza, rexida por unha nova lei e con novas persoas ao fronte.

“Os seus ataques contra o galego, os seus desprezos pola nosa cultura e a minusvaloración do noso autogoberno estannos a saír mui caros –dixo-. Porque á marxe das súas ideas, señor Feijóo, vostede é a primeira institución do País. Respete a Galiza e logrará que Galiza sexa respectada. Siga desprezándoa e seguirá colleitando fracaso tras fracaso”.

Aymerich non pasou por alto, falando de respecto e de desprezo, a “provocación” de Feijóo durante o seu discurso cando, froito da súa “obsesión” coa lingua e os sinais de identidade, traduciu ao español a Alba de Gloria que escribiu Castelao para conmemorar o Día da Patria de 1948 dende o exilio. *“Debuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra non ficaría nada dela”*, lembroulle Aymerich a Feijóo, en palabras do propio Castelao.

O portavoz parlamentar convidouno a voltar ao consenso, abandonar o “empeño suicida” e cumprir co seu deber legal de defender a lingua e a identidade de Galiza, pois “quen está só, só contra o galego, é vostede. Quen está só contra a maioría do País, incluídos moitos dos seus votantes, é vostede. Só, coa única compañía dos amigos de Rosa Díez en Galiza, os únicos que apoian o seu decreto”.

O deputado concluiu defendendo o traballo feito polo BNG como oposición, “dura, firme e rigurosa” pero lembrou e reiterou a “man tendida” dos nacionalistas na procura de posicións comúns en asuntos de País, pero sempre que Feijóo rectifique e aposte por medidas contra a crise que salvagarden os dereitos dos traballadores; defenda con firmeza perante o Estado e Bruxelas o agro e a pesca; aposte por unha sanidade, un ensino e uns servizos sociais públicos universais e de calidade; ordene o territorio en beneficio do País preservando os recursos naturais; volva ao consenso lingüístico e promova a elaboración dun Novo Estatuto.